



# PLAN DIXITAL

## CEIP de PRÁCTICAS A Coruña

[Versión 1.0\_ xuño 2022]



## Índice do Plan Dixital

### 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

### 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

### 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

### 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

### 5. Difusión do PD

## 1. Introducción

### 1.1. Datos básicos do centro

*O CEIP de Prácticas está situado no centro da cidade de A Coruña, en Paseo de Ronda, 47. É un centro educativo de tamaño pequeno-medio, actualmente con 10 unidades (3 de infantil y 7 de primaria), que ao longo dos anos acolle a unha media de entre 210 e 225 alumnos e alumnas.. Consecuentemente o claustro é tamén reducido, oscilando entre 18 e 20 membros.*

*O alumnado procede de familias de situación socioeconómica diversa. O colexio ten unha clara orientación cara ao barrio no que está enclavado, de onde procede a práctica totalidade do seu alumnado. Isto supón, entre outras consecuencias, que a maior parte das familias, en maior ou menor medida, coñécense entre sí, xa que son veciños e que os desprazamentos ao centro son, con moito, maioritariamente a pe.*

### 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

- *O alumnado deste centro presenta unhas características singulares tales coma un uso maioritario da lingua castelá, unha situación socioeconómica media que posibilita o acceso por parte das familias a diferentes actividades de ocio cultural fora do colexio.*
- *O PD contribúe ao desenvolvemento do Proxecto Educativo ao colaborar cos Equipos de Dinamización do centro: Biblioteca, Dinamización da Lingua Galega, Convivencia, Medioambiente... para crear e apoiar proxectos conxuntos: divulgar actividades conmemoracións na web do colexio, crear contidos dixitais para animación lectora, entre outros.*
- *Relación con outros Plans e proxectos do centro: centro Abalar, Edixgal dende o curso 2020-2021; participación no programa EduExchange no curso 2021-2022.*
- *Contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 22/23 a través das distintas liñas de actuación:*

*Formación do profesorado*

*Mellora de equipamentos*

*Colaboración cos Equipos de Dinamización do centro.*

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

*O Plan Dixital realízase ao abeiro da lexislación e normativa vixente, as máis destacadas:*

- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación*
- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022*

- *Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022*
- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*

#### 1.4. Proceso de elaboración

*A inicios de curso formalizouse o Equipo de Dinamización do Plan Dixital. Unha vez creada a AV e que nos asignaran o asesor correspondente, iniciouse o proceso de elaboración dividido en 3 fases: recollida de datos, deseño e elaboración do Plan Dixital e Implementación e seguimento do Plan Dixital.*

*Dentro da fase I, realizouse a enquisa SELFIE, CDD e o análise DAFO; na fase II analizouse a información extraída das enquisas, mediante a ferramenta BOARD e o establecemento dos obxectivos do Plan.*

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- *Descrición xeral acerca da infraestrutura dixital do centro: o centro conta cunha infraestrutura dixital renovada.*
- *Todas as aulas do centro están dixitalizadas; as aulas de 5º e 6º EP son aulas E-Dixgal; os equipos de xestión e administración inclúen un ordenador en Secretaría, Dirección e Xefatura de Estudos; o uso na biblioteca dos equipos redúcese a un ordenador de mesa para a xestión da biblioteca por parte do profesorado e unha EDI; un único equipo de consulta na sala de mestres; a aula de informática conta con 25 equipos de mesa e una EDI; os portátiles do alumnado de 5º e 6º utilízanse para o proxecto EduExchange.*
- *Servizos dixitais educativos: servizos corporativos ou non corporativos que facilitan a xestión docente (páxina web do centro, aula virtual, E-Dixgal, espazoAbalar, Abalarmóbil,...).*
- *Xestión do mantemento do equipamento do centro. A través da UAC, Servizo Premium e puntualmente, unha empresa externa (ordenadores da aula de informática e os que non son propiedade da consellería).*
- *Protocolos do centro relacionados coas TIC (Plan de continxencia, Plan de Convivencia).*

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Móstranse na seguinte táboa os resultados obtidos na enquisa SELFIE.

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	2.9				
	Profesorado	3.6				
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2.6				
	Profesorado	3.4				
	Alumnado	3.2				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3.1				
	Profesorado	3.5				
	Alumnado	4.2				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3.3				
	Profesorado	3.8				
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3.7				
	Profesorado	4				
	Alumnado					
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3.2				
	Profesorado	3.3				
	Alumnado	3.6				
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2.5				
	Profesorado	3.1				
	Alumnado					
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3.6				
	Profesorado	3.7				
	Alumnado	4.4				

Móstranse nas seguintes táboas os resultados da enquisa CDD.

### 1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	<u>8</u>	<u>14</u>	<u>57,1</u>
PROVISIONAL	<u>3</u>	<u>3</u>	<u>100</u>
INTERINO	<u>1</u>	<u>2</u>	<u>50</u>
SUBSTITUTO	<u>2</u>	<u>2</u>	<u>100</u>
DESPRAZADO	<u>1</u>	<u>1</u>	<u>100</u>

### 2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<u>66,3</u>	<u>Integrador B1</u>	<u>76,5</u>	<u>Integrador B1</u>

### 2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INFANTIL	<u>65,3</u>	<u>Integrador B1</u>	<u>68,2</u>	<u>Integrador B1</u>
EP	<u>67,5</u>	<u>Integrador B1</u>	<u>67</u>	<u>Integrador B1</u>

### 2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	<u>1</u>	<u>6,7</u>
A2	<u>9</u>	<u>60</u>
B1	<u>2</u>	<u>13,3</u>
B2	<u>3</u>	<u>20</u>
C1		
C2		
TOTAL	<u>15</u>	<u>100</u>

## 2.3. Análise DAFO.

Móstranse a continuación os principais ítems do análise DAFO.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<p>O acceso a internet é adecuado, tendo conectividade todas as aulas.</p> <p>EQUIPOS PARA O ALUMNADO Ao ser un centro Edixgal, o alumnado de 5º e 6º dispón dun equipo individual que pode levar á casa.</p>	<p>Moitos equipos (ordenadores e pantallas) foron comprados polo centro e presentan problemas de mantemento (actualizacións, avarías). A UAC non asume a reparación destes equipos.</p> <p>Espazos físicos: os espazos son reducidos nas aulas e biblioteca, limitando as posibilidades de traballo con dispositivos dixitais (puntos de consulta, recantos de traballo...)</p>
	PERSONAL DOCENTE		<p>Intercambio de experiencias educativas con tecnoloxías: non están establecidas vías para intercambio de experiencias, recursos...</p> <p>Participación no DPC: actualización dixital continua dos docentes, dado que cada vez se utilizan máis as tecnoloxías, a aula dixital e Edixgal.</p>
	PERSONAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	Comportamento responsable e seguro: o alumnado respecta en xeral o uso de internet.	

<b>FAMILIAS</b>	Comunicación coa comunidade educativa: as canles comunicativas coas familias son eficientes (Abalar, correos electrónicos)	
<b>OFERTA</b>		
<b>ORGANIZACIÓN DO CENTRO</b>		Tempo para explorar o ensino dixital: non hai tempo no horario dos docentes destinado a esta labor.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	<b>ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA</b>	Asistencia técnica: a UAC facilita a resolución de problemas técnicos e actualización dos equipos da Consellería.	Fenda dixital: os equipos suministrados para cubrir as necesidades do alumnado en situación de exclusión dixital, tiveron unha conectividade de 6 meses, ata o mes de marzo, deixando descolgados a estes usuarios.  Equipamento: é necesario renovar e dotar de equipos tecnolóxicos ao centro, por parte da Consellería
	<b>LEXISLACIÓN</b>		Normas sobre dereitos de autor e licenzas. Precísase un mellor coñecemento sobre o tema.
	<b>CONTORNA</b>	Fenda dixital: as medidas de detección de necesidades do alumnado son adecuadas e mostran que a maioría teñen dispoñibilidade de equipos e conexión na casa.	
	<b>ANPA</b>	Aprender a codificar e programar: dentro das actividades extraescolares a ANPA ofertou a actividade de Robótica.	
	<b>OUTRAS ENTIDADES</b>	colaboracións: empregamos tecnoloxías dixitais para comunicarnos e participar con outras organizacións ou programas educativos.	



### 3. Plan de Acción

*Tendo en conta a información elaborada no DAFO, establécense os seguintes obxectivos.*

#### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

##### **Obxectivo 1. Mellorar a xestión das incidencias coas TIC**

*Reparar ou resolver os problemas de equipos tecnolóxicos: pizarras dixitais, portátiles, ordenadores, impresoras.*

**Obxectivo 2. Mellora dos equipamentos.** *Renovar os equipos informáticos obsoletos.*

**Obxectivo 3. Mellorar a competencia dixital dos docentes do centro.**

*Formación do Profesorado:*

- *Identificar as necesidades de formación do profesorado no uso das tecnoloxías para solicitar e promover a participación en cursos a nivel centro e/ou individuais.*
- *Coñecemento compartido: promover o diálogo e apoio entre os mestres do colexio sobre a súa experiencia no uso de distintos programas, aplicacións ou metodoloxías.*

*Uso de Programas e Aplicacións.*

*Actualizar e verificar que se coñecen os programas facilitados pola Consellería de Educación para o ensino: Aulas Virtuais, Plataforma Cisco-Webex, Abalar, Xade. Mellorar no seu aproveitamento e uso.*

*Divulgar e promover o coñecemento e uso de diversos programas e aplicacións de uso pedagóxico, especialmente a través de estratexias de coñecemento compartido entre docentes: encontros TIC, por exemplo.*

**A concreción destes obxectivos descríbense nas táboas.**

#### 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

*Infraestrutura dixital: o centro conta cunha infraestrutura dixital renovada.*

*Equipamento:*

– *Aulas dixitalizadas: con conectividade e posibilidade de visualización e interacción. As EDI están obsoletas, funcionan como proxectores. Os portátiles de aula son antigos e presentan problemas, deixando as aulas inutilizadas a nivel dixital.*

– *Proxecto educación dixital E-Dixgal en 5º e 6º de Educación Primaria. Os portátiles de aula son os que había, de moita antigüidade; os portátiles de profesorado non presentan problemas e o de alumnado funciona correctamente.*

– *Postos de traballo de xestión e administración do centro. Dirección, Xefatura de estudos, Secretaría e Dpto. Orientación contan con equipos con mal funcionamento, que foron adquiridos polo centro hai moitos anos. Necesitan ser renovados.*

– *Uso na biblioteca: hai un equipo de xestión para profesorado.*

– *Equipos para uso na sala de profesorado: hai 1 ordenador obsoleto para todo o profesorado. Necesita renovación.*

– *Aula de informática. Hai 25 equipos de sobremesa donados por unha empresa (por renovación) que se utilizan para educación dixital e uso da aula virtual de 1º a 4º de Primaria.*

### Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

"Área/s de mellora":						
<b>OBXECTIVO 1 (1):</b>	Mellorar a xestión das incidencias coas TIC				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo TIC				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Acadar un 80% de resolución de incidencias antes de un prazo de 5 días.					
<b>Valor de partida (3)</b>	O 40% das incidencias resólvense antes do prazo de 5 días.					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	80% de resolución de incidencias antes de un prazo de 5 días no 1º Trimestre					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Elaborar un sistema de comunicación de incidencias.	Equipo TIC	15 outubro	Recursos Humanos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Distribuír no equipo TIC a xestión de incidencias.	Coordinadora equipo TIC	15 outubro	Recursos Humanos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Actualizar o rexistro de equipamentos cos códigos.	Equipo TIC	setembro	Recursos Humanos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

### Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

"Área/s de mellora":						
<b>OBXECTIVO 2 (1):</b>	Renovar o equipamento tecnolóxico do centro: ordenadores de aula, PDI, ordenadores de despachos.				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo directivo				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Acadar unha renovación mínima do 50% dos equipamentos.					
<b>Valor de partida (3)</b>	Non hai renovación.					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	50% durante o curso 22-23.					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO2.1: Priorizar os equipamentos que necesitan ser renovados.	Equipo TIC	outubro	Recursos Humanos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Solicitar equipamento novo á Consellería.	Dirección	outubro	Recursos Humanos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

### Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

"Área/s de mellora":						
<b>OBXECTIVO 3 (1):</b>	Mellorar a competencia dixital dos docentes do centro.				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo docente				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Un 20% do profesorado mellora no uso de dispositivos.					
<b>Valor de partida (3)</b>	Un 5% se implican na mellora da súa competencia dixital.					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	20 % do profesorado, ao longo do curso					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
<b>AO3.1: Formación entre iguais: posta en marcha dos cursos Edixgal.</b>	Profesorado con máis coñecementos.	outubro	Recursos humanos. Disponibilidade horaria. Equipos Tecnolóxicos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO3.2: Formación entre iguais: posta en marcha dos cursos da AV.</b>	Profesorado con máis coñecementos.	outubro	Recursos Humanos. Disponibilidade horaria. Equipos tecnolóxicos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>A03.3: Intercambio de recursos TIC entre docentes.</b>	Profesorado con máis coñecementos, equipo docente e dirección.	todo o curso 22-23	Recursos Humanos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

--	--	--	--	--	--	--

#### 4. Avaliación do plan

*Os obxectivos indicados no Plan serán avaliados en canto ao grao de consecución e prazos establecidos para cada un.*

- **avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluirán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- **avaliación final** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluirán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

#### 5. Difusión do plan

*A difusión do plan dixital realizarase para toda a comunidade educativa a través do Claustro, Consello Escolar e web do centro educativo.*